

Lugar, data

Don José Luis Meilán Gil

Excelentísimo Rector Magnífico da Universidade da Coruña

Estimado señor:

Prácame ver que unha institución como a que vostede dirixe cree unha praza de técnico en normalización lingüística, que sen dúbida contribuirá activamente á mellora da situación da lingua propia de Galicia nesta Universidade. Non obstante, diríxome a vostede para expresarlle o meu pesar polo xeito no que ese profesional vai ser seleccionado. No tocante á fase de oposición, semella cando menos inadecuado que a única proba na que o aspirante debe demostrar a súa competencia en galego (só a escrita, non a oral) non sexa eliminatória, co que se corre o risco de que a persoa seleccionada non posúa a aptitude necesaria para o desenvolvemento do traballo. Tamén parece desaxeitado que $\frac{3}{4}$ da puntuación da fase de concurso (que supón o 40% do total) se corresponda cos servizos prestados na propia Universidade herculina. En principio, o traballo de normalizador lingüístico é igual de válido en calquera universidade e incluso se debería recoñecer de ser realizado noutras institucións ou empresas.

Todo isto fai que a convocatoria pareza estar dirixida especificamente á persoa que actualmente desenvolve as tarefas para as que se convoca a praza. Esta mostra de clientelismo supón un desprestixio para unha institución tan importante como a Universidade da Coruña. Xa que logo, só me queda expresarlle o meu rexeitamento ó proceso de selección da praza e solicitarlle que tome as medidas oportunas para garantir os dereitos de todos os aspirantes.

Agradecendo anticipadamente a súa atención, despídese atentamente

Nome Apelido1 Apelido2

Lugar de traballo